
LER O MUNDO

EXPERIENCIAS DE TRANSMISIÓN CULTURAL DE HOXE

Texto de MICHÈLE PETIT

Tradución de FERNANDO MOREIRAS

Ilustración de portada de PABLO OTERO

Encadernación rústica. 15 x 21,5 cm. 184 páx. 16 €.

ISBN 978-84-8464-412-5. Colección Teoría.


Á luz do día lían para aprender, e o libro era o depositario do saber. Algúns incluso lían dicionarios ou enciclopedias dun xeito metódico. Ese tipo de lectura, que vai da man da instrución, podía conxugarse coa ética que valora «a utilidade», cando menos en aparencia. Con todo, ao caer a noite, chegaba a hora doutra lectura, discreta, transgresora e encantadora. Dese tipo de lectura, do que algúns dicían que era a «auténtica» lectura, outros non se animaban a falar porque era demasiado íntima. Nela non tiñan cabida nin os dicionarios nin a utilidade. Lían novelas, sagas, poemas, biografías, ficción policial ou relatos de aventuras, para perderen de vista o real e evadirse...

Michèle Petit fai unha reflexión a prol da literatura e da arte, en todas as súas formas, coa intención de que chegue a formar parte da nosa vida cotiá, especialmente na das rapazas e rapaces. «Ler o mundo» nace como un acto de rebeldía ao comprobar que a lectura estase a converter nun instrumento para conseguir rendabilidade inmediata, como se a utilidade fose a súa única razón de ser.

Porque a literatura -oral e escrita- e a arte serven para que entre a realidade e cada persoa exista un tecido de historias, fantasías e coñecementos. Sen esa bagaxe, o mundo sería insoportable. Coa narración de experiencias entre os libros e as palabras, a autora desmonta prexuízos culturais infundados, incita a reflexionar e a intercambiar opinións.

Hai moitos anos que Michèle Petit imparte conferencias e talleres por todo o mundo achegando respostas e propostas ante preguntas recorrentes: Para que serve ler? Como transmitir o pracer da lectura? Cales son as estratexias para transmitir o gusto pola lectura e polas prácticas culturais? Que relación se establece entre a lectura en papel e os soportes dixitais? Nesta obra están as pegadas, sinais e mapas que permiten descubrir un novo espazo: o acto de ler como a creación dun mundo máis habitable.

O obxectivo, explica Michèle Petit, «é forxar unha arte de vivir o cotián que fuxa da obsesión pola avaliación cuantitativa; é chegar a compoñer e conservar un espazo distinto poñendo a énfase no xogo, o encontro poético, a curiosidade, o pensamento, a exploración de nós mesmos e do que nos rodea».



■ **Temática:** ensaio sobre a importancia dos libros e da lectura.

■ **Idade recomendada:** educadores, mediadores, antropólogos, sociólogos, lectores en xeral.

■ **Aspectos destacables:** outros títulos relacionados: «A utilidade do inútil», de Nuccio Ordine (FAKTORÍA K); «Gramática da fantasía», de Gianni Rodari; «Medio pan e un libro», de Federico García Lorca (KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/ler-o-mundo-g>

Michèle Petit

(París, 1946)

É antropóloga e estudou socioloxía, linguas orientais e psicoanálise. Foi nomeada investigadora honoraria do Centro Nacional para a Investigación Científica (París), onde traballou dende 1972 a 2010. Dende 1992 centrou os seus estudos na lectura e na relación de nenos e mozos cos libros, facendo fincapé na análise da experiencia lectora. Dirixiu investigacións sobre a lectura no medio rural e o papel das bibliotecas públicas na loita contra os procesos de exclusión. Dende 2005 enfocou o seu labor na análise do papel da lectura en lugares de conflitos armados, comunidades empobrecidas e migracións forzosas. É autora de numerosos ensaios e libros, entre os que destacan «Unha infancia no país dos libros», «A arte da lectura en tempos de crise», «Novos achegamentos aos mozos e á lectura» e «Lecturas: do espazo íntimo ao espazo público».

www. **kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
